

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ACTA Nº 4

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerente :

Manuel Fernández Jauregui

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción de acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marisa Magaz Ledo (CCOO, Presidenta)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Carlos Román Lago (CIG)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

Alfonso Bascosy Fernández (CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE


Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 12:00h, do 19 de abril de 2018 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación e sinatura da acta da reunión previa de data 20 de febreiro de 2018.
2. Negociación dos seguintes puntos:
 - I. Temarios non específicos para as convocatorias de:
 - a. persoal fixo, diferenciando acceso libre e promoción interna
 - b. ampliación listas espera.
 - II. Convocatoria Técnico Superior de I+D (OEP 2017)
 - III. Ampliación da lista de espera de TS Microscopía Electrónica
 - IV. Ampliación da lista de espera de TE Química
 - V. Ampliación da lista de espera de TE Bibliotecas
 - VI. Ampliación da lista de espera de AT Servizos Xerais
 - VII. Negociación e análise do borrador da convocatoria 2018 da roupa de traballo.



1. Aprobación e sinatura da acta da reunión previa de data 20 de febreiro de 2018.

Apróbanse e asínanse as acta nº 2 e 3.

2. Negociación dos seguintes puntos:

II. Temarios non específicos para as convocatorias de:

a. persoal fixo, diferenciando acceso libre e promoción interna

b. ampliación listas espera.

O Xerente di que coincidindo coa solicitude feita polo Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) para realizar convocatorias de ampliación das listas de espera, a Xerencia presentan as súas propostas así como os temarios non específicos. Non deu tempo a estudar a proposta de TE Transporte e Distribución, de TM Actividades Aeroespaciais, pendente do que achegue o Director da Escola de Enxeñaría Aeroespacial e algunha outras das ofertas de emprego público.

O Presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) bota en falla TM de Prevención; da OPE 2017 TS de Actividades Deportivas, TS de Actividades do Medio Mariño e TS de Calidade Ambiental e Histoloxía. Non entende que o CEPO priorice determinadas categorías, porque teñen equivalencias nas listas de espera.

O Xerente responde que as irá presentando progresivamente neste proceso negociador que pretende se desenvolva mediante reunións semanais. Ademais sinala que se incluíu na orde do día a convocatoria de roupa de traballo, respondendo á petición do CEPO.

A Presidenta do CEPO pregunta ao Xerente ata cando vai estar na xerencia dado que as eleccións a Reitor son a semana seguinte.

O Xerente responde que o Reitor anunciou que ata o 28 de maio.

A Presidenta do CEPO di que tiveron moi pouco tempo para ver toda a documentación achegada coa convocatoria, e que como hai moitas novidades, dificilmente hoxe se pode chegar a un acordo, unicamente na lista de agarda de TE de Química.

O Presidente do CEO di que nesa praza tampouco se pode chegar a un acordo porque eles non tiveron coñecemento desa convocatoria. Ao parecer o Decano de Química enviou unha proposta so ao CEPO.


O Xerente reitera a vontade de avanzar canto se poda para que nada se paralice ata a formación do novo equipo de goberno.

Varios membros dos comités consideran innecesario ampliar a lista de espera de biblioteca.

O Xefe de Servizo de PAS explica que nos períodos de apertura extraordinaria potenciais candidatos renuncian porque figuran tamén nas listas doutros organismos, polo tanto permanecendo na nosa, pero provocando na situación de estar a piques de esgotarse en varias ocasións.

Pablo Álvarez di que segundo o Convenio colectivo as persoas que van á quenda de promoción interna non teñen que examinarse de temario transversal. Que cando entraron na U. de Vigo xa se examinaron desa parte.

O Xerente le o artigo do convenio e responde que regula o que a Xerencia propón como temario transversal, que por outra parte é moi razoable, necesario e conveniente, porque ao ascender de grupo por promoción, as esixencias de coñecementos dun grupo superior son máis elevadas cas do



grupo inferior, tanto no específico como no demais. Non é razoable que o que se estuda para entrar como Grupo IV sexa o mesmo que para o Grupo I, tampouco por promoción interna.

Pablo Álvarez di que non se pode comparar o temario dun laboral cun funcionario que so move papeis.

A Presidenta do CEPO está de acordo en que para un grupo superior o nivel de esixencia de temario sexa maior, pero o que propón a Xerencia é case para o persoal de administración.

O Xerente di que para promocionar os aspirantes deben demostrar maiores coñecementos e habilidades; ademais, tamén o persoal laboral é empregado público e, polo tanto, resulta imprescindible que teña nocións sobre o sistema universitario, igualdade, Estatutos, nocións de procedemento administrativo... Unha administración produce actos administrativos, sexa cal sexa o seu tipo de persoal, de xeito que todo el debe ter unha formación mínima do ámbito no que se vai integrar, e o nivel e extensión destes coñecementos deben estar directamente ligados ao grao de responsabilidade e ao grupo de pertenza, como sucede tamén no PAS funcionario. Para prestar un bo servizo público hai que ter formación sobre función pública.

A Presidenta do CEPO sinala que o convenio establece como específicos os temas propios de cada categoría.

José M. García Eirín pregunta se este vai ser un temario transversal para todas as convocatorias.

O Xerente responde que a finalidade é establecer un marco xeral, válido para esta fase de OEP e ampliación de listas de espera.

Federico Fernández pregunta se estes coñecementos transversais serían obrigatorios e non eliminatorios ou obrigatorios e eliminatorios.

Manuel Marcos pregunta se habería un temario para P. interna e outro para A. libre.

O Xefe do Servizo de PAS responde que estes temas poden configurarse como bloques, en lugar de con esta denominación de transversais, ou ben poderían incluírse nun único epígrafe de "temario"; é dicir, poderían incluírse en bloques, diferenciados para os candidatos por P. interna e por A. libre, ou ben, formar un bloque conxunto común, máis unha parte exclusiva para os aspirantes por P. interna.

O Xerente cre oportuno facer unha reflexión e continuar na seguinte semana.

II. Convocatoria Técnico Superior de I+D

José Manuel Eirín di que non entende a exención de galego, porque se trata de medir coñecementos cun exame, e que o Convenio regula que se debe cualificar con 4 puntos.

O Xefe de Servizo de PAS indica que é unha esixencia da Lei de emprego público de Galicia, pero que o analizará para a seguinte reunión.

III. Ampliación da lista de espera de TS Microscopía Electrónica

O Presidente de CEO pregunta ao representantes de CC.OO. se non se pode considerar equivalente a esta categoría a de TS Feixe de ións, porque de ser así habería candidatos.

Manuel Marcos indica que o problema das equivalencias ten a súa orixe en categorías cunha denominación que non respondía ás actividades que realizaban, ás funcións.



3. Negociación e análise do borrador da convocatoria 2018 da roupa de traballo

Os representantes maniféstanse de acordo.

O Xerente solicita que os comentarios e achegas se presenten por escrito para que a Xerencia as poda estudar.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 13:50

Three handwritten signatures in blue ink, likely representing the participants in the meeting.